

Este 2022 é o ano Rof Codina. A Real Academia Galega da Ciencia (RAGC) decidiu homenaxear desta maneira a figura do veterinario catalán que fixo da Galiza o seu fogar e loitou por mellorar a sanidade e a produtividade do sector gandeiro galego. Divulgador entusiasta, foi un firme defensor das razas autóctonas que el mesmo traballou a partir da mellora xenética. O seu legado continúa vivo a través dunha fundación e un hospital que levan o seu nome.



TEXTO ANTÓN ESCUREDO

# JUAN

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) está a homenaxear este 2022 co galardón de "Científico Galego do Ano" o veterinario Juan Rof Codina. A decisión, anunciada de maneira oficial o 22 de febreiro, concretouse o pasado 6 de outubro co gallo do Día da Ciencia na Galiza, nun dos actos pensados para difundir o seu traballo, de grande importancia para impulsar esta disciplina científica nos inicios do século XX na Galiza.

Para coñecer a figura de Rof Codina, o seu pensamento e o seu traballo é imprescindible seguir a súa liña biográfica desde o inicio, no municipio catalán do Prat de Llobregat. Nese lugar naceu o 31 de agosto de 1870, nunha familia humilde e sen moitos recursos. Fillo de ferreiro, tivo que deixar os estudos aos 14 anos para axudar no obradoiro de seu pai. Con 23, animado pola súa nai, Micaela Codina Portillo, retoma os estudos en Madrid, na Escola Superior de Veterinaria. Faino pagando os seus gastos, daquela, traballando

como axudante nunha farmacia na capital do Estado español.

O seu contacto coa Galiza veu en 1898, cando obtivo o posto de tenente veterinario após aprobar as oposicións ao Corpo de Sanidade Militar e chegar destinado, primeiro a Vigo e despois a Lugo. Foi nesa última cidade onde coñeceu o tamén veterinario Ramón Carballo, persoa que o introduciu nos problemas gandeiros do país e co que estableceu unha relación que foi máis alá do profesional ao rematar por casar coa súa filla, Concepción Carballo Lameiro. Neses anos, visita o rural galego e familiarízase coas súas enfermidades máis comúns, como a febre aftosa e o carbuncho bacteriano. Inicia un importante labor de difusión de como tratalas a través de artigos divulgativos na prensa da época. O primeiro foi *La cuestión de la carne*, a piques de rematar o século XIX, no diario lugués *La Idea Moderna*. Neses textos introduce as achegas que se estaban a investigar noutros



# ROF

O PRECURSOR  
DAS RAZAS  
AUTÓCTONAS  
GALEGAS





# CODINA

Rof Codina, no centro subido  
ao palco, na inauguración  
do xardín "O Pote" en  
Barallobre-Fene.



## Rof Codina, un catalán da Galiza

**J**uan Rof Codina definiuse sempre como "un catalán da Galiza". No impacto que lle produciu o país cando chegou en 1898 tivo moito que ver coñecer a Concepción Carballo Lameiro, unha muller "moi galega" en palabras do seu neto, José María Sancho Rof, médico de profesión. Entender como era a Galiza deses anos e como eran os seus habitantes foi fundamental para un veterinario acabado de chegado que, en palabras do presidente da Real Academia Galega das Ciencias (RAGC), Juan Lema, "foi capaz non só de divulgar, senón de convencer" presencialmente cando realizaba visitas ás explotacións gandeiras ou por escrito nos seus máis de 700 artigos en diversas publicacións. Non foi o único caso de "adopción" e o propio Rof Codina coñeceu outros, mesmo no seu ámbito, como o do enxeñeiro agrónomo Cruz Gallástegui.



Arquivo Diego Conde



Arquivo Diego Conde



Arquivo Diego Conde

Na imaxe superior, Rof Codina vacinando contra a nacia en Lugo, arredor de 1908; no medio, nunha feira de gando; abaixo, a Gran Clínica Veterinaria.



lugares da península Ibérica e tamén en Europa.

O doutor en veterinaria e membro do Grupo de Historia Agraria e Política do Mundo Rural (Histagra) Diego Conde Gómez é un dos investigadores que máis traballou a figura de Rof Codina. En conversa con *Nós Diario* explica que o veterinario catalán chega á Galiza e "atópase cunha agricultura atrasada e cunha gandaría pouco desenvolvida" e con grandes eivas sanitarias "sobre todo relacionadas co gando vacún que estaba nunha profunda crise". Anos antes, e por ese motivo, "perdérase o convenio con Inglaterra", unha circunstancia que afectou en gran medida á economía do agro do país.

Para este investigador foi fundamental, nun primeiro momento, para Rof Codina a súa relación con Ramón Carballo e cos seus dous fillos, Jesús e José Carballo, cos que funda a Gran Clínica Veterinaria en Lugo. "Teñen a concesión das vacinas do Instituto Pasteur para o carbunco bacteridiano e nese ámbito realiza as primeiras actividades", sinala Conde Gómez.

Esta profesión, nese período histórico, tiña unha importancia especial, en parte diferente ao que coñecemos hoxe en día do universo rural. Segundo o catedrático de Historia Contemporánea da USC, e investigador principal de Histagra Lourenzo Fernández Prieto, no momento en que traballaba Rof Codina vivíase "na segunda onda da Revolución Industrial na que aínda se estaba pasando ao motor de explosión polo que cabalos e bestas eran esenciais".

### Consolidación e traballo de difusión da súa obra

Instalado Rof Codina en Lugo, Conde indica que "a través desa clínica comezou a realizar as súas primeiras actividades, facendo as campañas de vacinación contra a nacida, o carbunco, e tamén a iniciar a súa colaboración con varios xornais de Lugo en forma de artigos de divulgación". Era unha persoa moi respectada na profesión mais, apunta este investigador, "ás veces parte dese sector non coincidía en que se tiña que formar os gandeiros, mesmo a cregos, a mestres, para



Vics Gallega



Vics Gallega

Retrato de Rof Codina aparecido en 'Vida Gallega' en 1932.

Rof Codina en 1921.

Rof Codina con 90 anos.



Archivo Diego Conde

participar nesas campañas de vacinación, entendían que era un intrusismo e non coincidían nese aspecto". O propio Conde reconece que non era moi común nesa época que a profesión veterinaria estivese nos foros da prensa, dalgunha maneira, divulgando o seu traballo. "Aquí tivemos a inmensa sorte de contar cunha persoa que traía toda esa ciencia, absorbíaa e era quen de, a través dunha linguaxe sinxela, achegala a todo o mundo. Sobre todo aos que estaban máis interesados que eran os mesmos labregos e os gandeiros". A súa participación en publicacións comezou cedo. Foi redactor na revista coruñesa *Prácticas Modernas* desde 1903. Segundo Conde, Rof Codina buscou nas súas primeiras publicacións algo que botaba moito en falta, "que a profesión tivera un maior recoñecemento social" e por ese motivo afondaba nos artigos iniciais "nas condicións sanitarias da carne que se exportaba ao resto da península Ibérica e á prevención dalgunhas enfermidades comúns".

Consegue, pouco a pouco, ter máis sona e chega a presidir o Colexio de Veterinarios de Lugo, polo que representa a Galiza en diferentes asembleas de veterinaria no Estado español até 1910 que aproba a oposición ao corpo de inspectores de pecuarios e elixe como praza A Coruña. "Instálase alí nese posto da Administración española realizando o mesmo que estaba facendo en Lugo, aínda que multiplicado por 1.000 no sentido de que acode a concursos gandeiros, ten o apoio dos consellos da Xunta de Fomento e comeza a publicar boletíns de divulgación pecuaria", explica este investigador.

Entre as publicacións máis relevantes de Rof Codina está a monografía *La raza bovina gallega*, un estudo a partir do que se sentaron as bases do morfotipo do que logo sería a Raza Rubia Galega. Tamén foi autor de *Galicia Pecuaria* (1927), *El color de la yema de huevo de gallina* (1951), *La avicultura en Galicia* (1952) ou *Nociones de avicultura* (1962).

### Implicación co país

O veterinario catalán sentiu unha especial relación coa terra que o



Archivo Diego Conde

Rof Codina nun concurso gandeiro.



acolheu. O seu neto José María Sancho Rof asegura que foi un namorado da Galiza, quizais a través da súa muller Concha. "Se cadra, a anécdota máis coñecida de Rof Codina foi a da defensa que realizou da muralla de Lugo para que non fose derrubada a través dun artigo na prensa, defendendo esa posición", lembra Conde. Juan Rof non entendía a iniciativa para o seu derrubamento co propósito de "favorecer o crecemento da cidade". O material de pedra, segundo o proxecto, sería empregado en obras como os portos da Coruña ou Ferrol. Os seus argumentos culturais e técnicos (o cálculo detallado dos carros tradicionais que serían necesarios para levar a cabo a operación) foron fundamentais para desbotar a idea.

Nese ámbito de defensa do patrimonio e do país mantén contacto estreito con organizacións que procuraban tamén melloras no agro. Fernández Prieto salienta que traballa con Solidaridad Gallega "e móvese polos congresos agrarios da Galiza. Participou en varias iniciativas destinadas a difundir o asociacionismo agrario". Conde, pola súa parte, lembra que a propia publicación *Prácticas modernas* "axudará a Rof Codina a formalo como agrarista" ao converterse esta publicación en voceira da Cámara Agrícola da Coruña, vencellada a Solidaridad Gallega.

Participou nas asembleas agrarias de Monforte de Lemos e de Ribadavia entre 1908 e 1913 e tamén asesorou sindicatos e asociacións agrarias daqueles anos en aspectos de sanidade pecuaria, comercio e mellora gandeira. Así mesmo, fomentou a creación de sociedades cooperativas e de seguros na gandaría, as mutuas, que facilitaban a compra de maquinaria e permitían compartir gastos nas explotacións en caso de morte ou enfermidade do gando.

Ademais, Rof Codina foi un firme defensor da organización das feiras de gando como fórmula de fomento dos mellores exemplares de animais, especialmente da vaca rubia galega. Foi o verdadeiro impulsor da Feira de Lugo de 1906. Constrúe o sistema de concursos de gando, deseñando os instrumentos de medición, o Compás ou Bastón Rof (unha

especie de pé de rei) para lograr unha máis perfecta medición nestes certames. Para este veterinario o protagonista da propia dignificación e adianto no campo galego tiña que vir da man das persoas que o están a traballar. "Por este motivo convence os gandeiros de que eles mesmos poden seleccionar a pureza deses exemplares que hoxe coñecemos por raza galega", afirma o investigador. Alén diso, participou en varios faladoiros públicos. Entre eles, sería un dos máis destacados participantes do que se realizaba no Hotel Méndez Núñez, xunto a outras recoñecidas figuras como Ánxel Fole, Luis Pimentel ou Manuel María

En 1932 pasou a dirixir a Inspección Xeral Veterinaria en Madrid e desde ese posto, centrouse no desenvolvemento e dignificación da gandaría.

#### **Unha persoa íntegra respecto ás súas ideas**

Rof Codina sempre se mantivo fiel ás súas ideas e defendeunas da mesma maneira que defendía os que con el dignificaban a profesión. Esta circunstancia provocoulle máis dun choque coas autoridades. En 1901, tras un problema disciplinario cun superior, foi trasladado a Granada, mais conseguiu regresar a Lugo ao ano seguinte e, despois de ascender ao grao de capitán, solicitou a excedencia para dedicarse á clínica que abriría xunto a Jesús Carballo.

Anos despois, en 1929, por solidarizarse publicamente con Félix Gordón Ordás, represaliado na ditadura de Primo de Rivera, foi trasladado a Córdoba. Da mesma maneira, cando ten lugar o golpe de Estado contra o Goberno da República, Rof Codina atopábase nun congreso en Alemaña e decide volver a Madrid para presentarse ao Goberno republicano. Isto tivo como consecuencia, rematada a guerra, un novo expediente e o exilio na illa de Tenerife. Rof Codina regresou á Península en 1941 e foi relegado a dirixir a Estación Pecuaria de Lugo, posto en que se xubilou en 1944. Porén, permaneceu activo a través da Cátedra ambulante de Divulgación Pecuaria da Galiza, que el mesmo creou en 1945, até a súa morte con 93 anos, en Lugo, en 1967.

## **"ROF CODINA CONVENCE OS GANDEIROS DE QUE ELES MESMOS PODEN SELECIONAR A PUREZA DESES EXEMPLARES QUE HOXE COÑECEMOS POR RAZA GALEGA", EXPLICA DIEGO CONDE**

O sistema que emprega a Cátedra de Rof Codina, segundo explica Conde, "é o de formación de formadores, é dicir, organizan cursos para mestres de escolas nacionais e que estes fagan o mesmo no medio rural da súa contorna". Ademais, eses anos no propio mundo da divulgación e formación das labregas e dos labregos, coinciden de forma paralela á iniciativa de Rof Codina, co xurdimento doutros proxectos que colaboraran coa Cátedra, "como a creación da Escola da Granxa Barreiros en Sarria, coa que establece unha estreita relación xunto a Avelino Pousa Antelo na realización do primeiro Curso de Formación Agropecuaria para mestres en 1948". Tamén realizarán "cursos de capacitación e divulgación técnico-agrícola ou de avi-cuni-apicultura a través do Ministerio de Agricultura, como os que tiveron lugar en 1952 en Lugo".

#### **Recoñecemento dunha figura esencial para o agro galego**

A figura de Rof Codina xa contou con outros recoñecementos con anterioridade. Nos seus últimos anos, foi nomeado Lucense do Ano (1964) e concedéuselle a Medalla de Ouro da Asociación Nacional Veterinaria (1965). Alén destes recoñecementos, Juan Rof Codina dá nome á Fundación Rof Codina –creada en 1994 e vinculada á USC– e ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina de Lugo, así como a unha rúa nesta cidade, a outra en Monforte de Lemos e a uns xardíns na súa localidade natal en El Prat de Llobregat (Barcelona).

Aínda así, en opinión de Conde Gómez, "a homenaxe vai servir para moito no sentido de que é un acerto que a Real Academia de Ciencias denominara a Rof Codina como Científico Galego do Ano". Pensa que a sociedade "non coñece todo o que fixo" e mesmo pode beneficiar a que se traballe aínda máis a súa figura. Este investigador interesouse polo veterinario catalán ao rematar a carreira de Veterinaria en Lugo e xurdirle a curiosidade sobre a súa figura. Tras contactar co grupo de Histagra comezou a investigar e rematou por ser a súa tese de doutoramento.





LISC



LISC



LISC

## Hospital e Fundación Rof Codina

**E**n 1994 creouse a Fundación Rof Codina, co obxectivo de crear o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC). A filla, Carmen Rof Carballo, cedeu á fundación a maior parte da súa obra orixinal e da súa biblioteca persoal. O HVU-RC está dividido en varios servizos e especialidades, dirixidos a tres grandes grupos de pacientes: pequenos animais exóticos, animais de renda e equinos. A casuística anual é superior a 8.000 casos. Na clínica ambulante realizan prácticas 200 alumnas e alumnos visitando a medio cento de explotacións con máis de 2.000 animais de produción leiteira e cárnica. O seu equipamento e a súa especialización fan del un centro recoñecido de referencia en todo o Noroeste peninsular.

Na imaxe superior, o exterior do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, en Lugo; no medio un quirófano de pequenos animais; e abaixo, realizando un TAC a un can.